



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la convocatoria de licitación para la instalación de parques de energía marina en zonas de alto potencial.**

El Gobierno ha hecho pública su intención de iniciar este año la primera licitación para la instalación de parques de energía eólica marina en las denominadas «áreas de alto potencial» que ocupan 5000 kilómetros de costa, 2000 de ellos en el litoral gallego y que suponen el 43% de la potencia eólica marina de todo el Estado. A esto se sumaría la producción de energía renovable en tierra, a través de parques eólicos, instalaciones hidroeléctricas y megapresas reversibles, en un territorio que ya es excedentario en producción de energía renovable. Una producción que tiene un elevado coste ambiental y que impacta de forma negativa en otras actividades económicas, y todo ello sin compensación alguna.

En función del marco regulatorio, las instalaciones eólicas marinas se implementarán a través de licitaciones en las ZAPER identificadas en los POEM, pero también tendrán que someterse a los requisitos ordinarios. Cada procedimiento de licitación competitiva se regulará mediante Orden Ministerial que incluirá factores como la zona ZAPER en la que se ubicarán las instalaciones y los nodos de conexión, el cupo de potencia, los parámetros retributivos y el periodo de concesión.

Sin embargo, según la información facilitada por el Gobierno, ya se han presentado en Galicia un total de 13 proyectos de parques eólicos marinos que, entendemos, también se someterán al procedimiento de licitación.

En este punto, debemos recordar que el BNG sigue reclamando el aplazamiento del desarrollo del Real Decreto 962/2024, de 24 de septiembre, por el que se regula la producción de energía eléctrica a partir de fuentes renovables en instalaciones ubicadas en el mar, hasta que finalicen las medidas ER2 (Análisis del sector pesquero potencialmente afectado por el desarrollo de la energía eólica marina en las zonas propuestas en los POEM)



y ER3 (Análisis de los efectos potenciales de los parques eólicos marinos sobre los ecosistemas marinos y elaboración de una guía que contemplará todos los aspectos relacionados con la realización de estudios de fauna y hábitats en el procedimiento de evaluación ambiental, desde la planificación, la evaluación, el análisis del impacto acumulativo, la propuesta de medidas ambientales y el programa de seguimiento o control ambiental) que está desarrollando el IEO.

Disponer de información, estudios y análisis rigurosos sobre el impacto sobre el medio marino y los recursos pesqueros así como los diferentes sectores económicos afectados antes de iniciar el despliegue eólico es fundamental.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Cuándo tiene previsto el Gobierno convocar la primera licitación para la instalación de parques eólicos marinos en las zonas ZAPER? ¿En Cuáles?
2. ¿Cuál es el procedimiento a seguir en relación con los proyectos de parques eólicos marinos ya presentados en Galicia por diferentes multinacionales y grandes empresas? ¿Deberán volver presentarse para incorporarse a la licitación? ¿El Ministerio ha realizado alguna evaluación sobre los mismos?
3. ¿Coincide en que es necesario aplazar el desarrollo del Real Decreto 962/2024, de 24 de septiembre, por el que se regula la producción de energía eléctrica a partir de fuentes renovables en instalaciones ubicadas en el mar, hasta que finalicen las medidas ER2 y ER3 y los estudios que está realizando el IEO?
4. ¿Se ha completado el análisis del sector pesquero potencialmente afectado por la instalación de energía eólica marina en los POEM? ¿De ser así, puede proporcionar una copia?
5. ¿Está finalizado el estudio sobre los posibles efectos sobre los ecosistemas marinos? ¿De ser así, puede proporcionar una copia?



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



6. ¿Sin tener en cuenta los estudios mencionados, no cree que es contrario al principio de cautela iniciar la convocatoria de licitaciones?

Madrid, a 8 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

08 ABR. 2025 09:46:47

Entrada **63975**

Sobre a convocatoria da poxa para a instalación de parques de
enerxía eólica mariña

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita sobre a convocatoria da poxa para a instalación de parques de enerxía mariña zonas de alto potencial.**

O Goberno fixo pública a súa intención de iniciar neste ano a primeira poxa para a instalación de parques de enerxía eólica mariña nas denominadas “zonas de alto potencial” que ocupan 5.000 quilómetros de costa, 2.000 deles na costa galega, implicando 43% da eólica mariña de todo o Estado. Esta sumaríase á produción de enerxías renovábeis en terra, mediante parques eólicos, instalacións hidroeléctricas e mega presas reversíbeis, nun territorio que xa é excedentario na produción de enerxía renovábel. Unha produción que ten un alto custo ambiental e que repercute negativamente sobre outras actividades económicas, mais sen contraprestación algunha.

En función do marco normativo, as instalacións eólicas mariñas vanse materializar mediante concursos nas ZAPER identificadas nos POEM, mais terán que se someter tamén aos requisitos ordinarios. Cada procedemento de concorrencia competitiva estará regulado por unha Orde ministerial que incluírá factores como a área das ZAPER en que se van situar as instalacións e os nós de conexión, o cupo de potencia, os parámetros retributivos e o prazo de concesión.

Porén, segundo a información achegada polo Goberno, na Galiza téñense presentado xa un total de 13 proxectos de parques eólicos mariños que, entendemos, serán sometidos tamén ao procedemento de concorrencia.





Nesta altura, debemos lembrar que o BNG segue a demandar o aprazamento do desenvolvemento do Real Decreto 962/2024, do 24 de setembro, polo que se regula a produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovábeis en instalacións situadas no mar, até que as medidas ER2 (Análise do sector pesqueiro potencialmente afectado polo desenvolvemento da enerxía eólica mariña nas zonas propostas nos POEM) e ER3 (Análise dos efectos potenciais dos parques eólicos mariños sobre os ecosistemas mariños e elaboración dunha guía que abarcará todos os aspectos relacionados coa realización de estudos de fauna e hábitats no procedemento de avaliación ambiental, desde a planificación, valoración, a análise do impacto acumulado, a proposta de medidas ambientais e o programa de vixilancia ou seguimento ambiental) que está a desenvolver o IEO estean finalizados.

Contar con información, estudos e análises rigorosos sobre os impactos sobre o medio mariño e os recursos pesqueiros así como os distintos sectores económicos afectados antes de iniciar o despregamento eólico é fundamental.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Cando prevé o Goberno convocar a primeira poxa para a instalación de parques de enerxía eólica mariña nas zonas ZAPER? En cales?
2. Cal é o procedemento as seguir en relación aos proxectos de parques eólicos mariños xa presentados na Galiza por distintas multinacionais e grandes empresas? Deberán volver presentarse para incorporarse á poxa? Realizou o Ministerio algunha avaliación a respecto dos mesmos?
3. Coincide en que é preciso aprazar o desenvolvemento do Real Decreto 962/2024, do 24 de setembro, polo que se regula a produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovábeis en instalacións situadas no mar, até que as medidas ER2 e ER3 e os estudos que contempla que está a realizar o IEO estean finalizados?



4. Está acabada a análise sobre o sector pesqueiro potencialmente afectado pola instalación de enerxía eólica mariña nas zonas dos POEM? De ser así, pode facilitar unha copia do mesmo?
5. Está finalizado o estudo sobre os potenciais efectos sobre os ecosistemas mariños? De ser así, pode facilitar unha copia do mesmo?
6. Sen contar cos citados estudos, non cre que resulta contrario ao principio de cautela iniciar a convocatoria de poxas?

Madrid, a 8 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso